

**PROGRAMACIÓN ANUAL  
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

**IES EDUARDO PONDAL  
CURSO 2023 – 2024**

## INDICE

1. INTRODUCCIÓN: MARCO TEÓRICO E LEGAL.
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO
3. ANÁLISE DE NECESIDADES
4. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS
5. METODOLOXÍA E RECURSOS
6. CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
7. CONCRECIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
8. ATENCIÓN ÁS FAMILIAS
9. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

### ANEXOS

CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL, PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL.

- PROGRAMACIÓN DA AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

## 1. INTRODUCCIÓN: MARCO TEÓRICO E LEGAL

No noso sistema educativo, dacordo cos principios educativos establecidos na **Lei Orgánica de Educación**, do 3 de Maio de 2006 (en adiante **LOE**), na redacción que lle da a actual **Lei Orgánica 3/2020** de 29 de Decembro, para a **Mellora da Lei Orgánica de Educación** (en adiante **LOMLOE**), principal referente legal do sistema educativo no noso país, a educación ten como fin o desenvolvemento persoal pleno do alumnado, a súa integración social e a súa participación como membros de pleno dereito na sociedade democrática. Como o define o Informe Delors (1996), apoiar ó alumnado nos procesos de aprender a aprender, aprender a facer, aprender a ser e a convivir, do que se deriva o noso concepto actual de competencia.

Para acadar estes obxectivos, a educación ten que ser inclusiva, universal, garante dos dereitos e da igualdade de oportunidades para todos e todas; normalizada, pero ó mesmo tempo atenta ás necesidades e particularidades individuais de cada alumno e alumna; compensatoria das desigualdades económicas e sociais de partida, e das individuais derivadas das condicións persoais físicas, psíquicas ou intelectuais.

Asímesmo, a educación transcende o ámbito escolar, e considérase esencial a preparación para o desenvolvemento dun proxecto vital, que se asente na formación académica e persoal, e tamén na formación para o desenvolvemento profesional e a integración laboral nun mercado de traballo marcado pola tecnoloxía e a especialización, incerto e cambiante.

Entre os principios da educación, cítase ademáis “a orientación educativa e profesional dos estudantes como medio necesario para o logro dunha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores”, e como un dos seus fins “o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades” do alumnado. O noso sistema educativo, aberto e complexo, ofrece múltiples opcións e itinerarios. A orientación do alumnado e das súas familias persigue facilitar a toma de decisións e apoiar a construción da súa propia realidade. Por iso, a orientación é un dereito do alumnado e das súas familias, un

elemento de calidade do ensino e unha ferramenta para a mellora e innovación na educación.

Proporcionar a resposta educativa axeitada ás necesidades de todos e cada un e unha dos alumnos e alumnas non é fácil, dada a diversidade de inquiredanzas e necesidades. A atención a esa diversidade, desde os anteriormente citados principios de normalización e inclusión, é principio e fin da educación e un dos ámbitos de actuación fundamentais da orientación.

O concepto de atención á diversidade, e do alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE, derivadas de discapacidade ou de sobredotación intelectual), ou Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, incorporación tardía ó sistema educativo ou derivadas da súa historia persoal ou familiar) ven recollido e definido progresivamente, desde a Ley de Ordenación Xeral do Sistema Educativo de 1990, en toda a lexislación educativa, sendo salientable para o noso traballo as consideracións que establece a Lei Orgánica vixente, de que calquer alumno ou alumna pode presentar necesidades específicas ou especiais permanentes ou transitorias nalgún momento do seu desenvolvemento, e que as administracións educativas teñen a obriga de detectar e intervir tempranamente para dar resposta a esas necesidades, con medidas de carácter ordinario ou extraordinario se fora preciso, e de proveer os medios e recursos axeitados, asegurando o acceso e promovendo a permanencia deste alumnado no sistema educativo.

Na nosa comunidade autónoma a principal referencia normativa no tocante á atención á Diversidade é o Decreto 229/2011 de 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes de Galicia, desenvolvido na **Orde de 8 de Setembro de 2021**.

A función orientadora e asesora forma parte da función docente e está integrada no currículo. En Galicia, o modelo de orientación educativa e profesional está regulado polo **Decreto 120/1998** de 23 de abril, e pola **Orde de 24 de xullo** que o desenvolve.

O Departamento de Orientación é un recurso especializado que soporta a labor do centro e colabora co conxunto da comunidade educativa, ofrecendo o seu asesoramento técnico, participando na función avaliadora e coordinando ás actuacións de orientación para contribuir á consecución das metas educativas e o

máximo desenvolvemento das competencias clave. É necesario un traballo planificado, global e compartido. Esixe colaborar cos diferentes órganos de goberno e coordinación docente, cos servizos e recursos externos, e participar no conxunto das decisións pedagóxicas do centro.

O traballo de orientación no centro educativo desenvólvese ao nivel da acción tutorial e do asesoramento especializado e intervención específica do departamento de orientación (en adiante DO), co apoio e asesoramento dos Equipos de Orientación Específicos, que conforman os tres niveis da orientación en Galicia. Todos eles, cada un no seu nivel funcional e de competencia, traballa para implementar nos centros docentes medidas preventivas, habilitadoras e compensadoras dirixidas ó alumnado e ó seu contexto para facer efectiva á educación inclusiva. Trabállase preferentemente desde un enfoque preventivo e grupal, aínda que con espazos para o asesoramento individualizado e para as intervencións correctoras e paliativas donde os primeiros non den chegado.

Na **Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Plan Anual de Orientación (en adiante Plan ou Programación do Departamento de Orientación ou Plan/Programación DO), preséntase, polo tanto, como unha guía de traballo necesaria, aberta e flexible, que concrétase en plans de actuación e programas específicos.

A proposta orientadora recollida no plan baséase nas liñas e prioridades determinadas polo Proxecto Educativo do centro, nas regulacións normativas vixentes, e nas necesidades e prioridades determinadas polo noso contexto e realidade socioeducativa, que se presenta máis adiante.

Desenvólvese a través do Plan Xeral de Atención á Diversidade, do Plan de Acción Tutorial e Plan de Orientación Académica e Profesional (en adiante PXAD, PAT e POAP, respectivamente), e mediante a necesaria cooperación entre o Departamento de Orientación (en adiante DO) e o resto de departamentos docentes e servizos externos. En todos os procesos involúcranse non só o alumnado, senón ó conxunto da comunidade educativa, entendendo coma tal, en senso amplo, as persoas titoras, docentes, o conxunto do centro, as familias, e a comunidade e

contorno social, cun enfoque socio-psicopedagógico, nunha labor participativa, cooperativa e coordinada por necesidade. Acadar esa cooperación, participación e coordinación é tamén un reto, ó que dedicaremos importantes esforzos neste curso escolar que agora está a comezar.

### **Marco legal**

O principal referente legal que constitúe o marco normativo en educación é a **Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, pola que modifícase a Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.**

A **normativa específica** que rexe a organización e funcionamento do noso Departamento é:

- Decreto 120/1998 do 23 de Abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia ( DOG 27-IV-1998)
- Orde do 24 de Xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo decreto anterior. Especifica as funcións e competencias do Departamento de Orientación.
- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, establece instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional.

Ademais, no referente á **atención á diversidade**, atendemos á seguinte normativa:

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado

dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- LEI 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que regúlanse as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para o alumnado superdotado intelctualmente.
- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Circular 9/99 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que dita instrucións para a atención á diversidade na ESO.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.(DOG 15). Decreto 8/15 que desenvolve a Lei 4/11.

Terase en conta tamén o disposto nos **protocolos de actuación**:

- Protocolo de Identidade de Xénero.
- Protocolo de Protección de Datos e Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro para a protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Protocolo para a Prevención e o control do absentismo escolar.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo do Tratamento educativo do alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- Protocolo de atención educativa domiciliaria.
- Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil. .
- Protocolo de urxencias sanitarias e atención do alumnado con enfermidade crónica.

- Protocolo para a atención educativa do alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo para a atención do alumnado coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia
- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar
- Guía do Observatorio Galego da Violencia de Xénero para a actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.
- Protocolo para a atención do alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado con Dislexia e/ou Dificultades Específicas da Aprendizaxe.

Como lexislación relacionada co funcionamento do centro e a regulación das ensinanzas que impartense nel:

- DECRETO 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Normativa que regula as Ensinanzas e Títulos contemplados na oferta formativa do centro.
- Instrucións 6 de xuño de 2023 pola que se ditan Instrucións para o desenvolvemento, no curso 2023/2024, das ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.
- Instrucións do 6 de xullo de 2023 pola que se ditan Instrucións para o desenvolvemento, no curso 2023/2024, das ensinanzas de Formación Profesional.

É salientable que estamos rematando un proceso de consolidación da transición lexislativa en educación, polo que é necesario ir actualizando protocolos e procedementos de traballo, incorporando as modificacións requeridas pola nova normativa.



A proposta orientadora recollida no plan baséase nas liñas e prioridades determinadas polo Proxecto Educativo do centro, nas regulacións normativas vixentes, e nas necesidades e prioridades determinadas polo noso contexto e realidade socioeducativa, que preséntase máis adiante.

Desenvólvese a través do Plan Xeral de Atención á Diversidade, do Plan de Acción Titorial e Plan de Orientación Académica e Profesional (en adiante PXAD, PAT e POAP, respectivamente), e mediante a necesaria cooperación entre o Departamento de Orientación (en adiante DO) e o resto de departamentos docentes e servizos externos. En todos os procesos involúcranse non só o alumnado, senón ó conxunto da comunidade educativa: as persoas titoras, docentes, o conxunto do centro, as familias, e a comunidade e contorno social, cun enfoque socio-psicopedagóxico, nunha labor participativa, cooperativa e coordinada por necesidade. Acadar esa cooperación, participación e coordinación é tamén un reto, ó que dedicaremos importantes esforzos neste curso escolar que agora está a comenazar.

## 2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Preséntase a continuación o máis salientable para contextualizar esta programación en relación ao contorno do centro. Na web do Instituto Eduardo Pondal (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ieseduardopondalponteceso/>), atópase información máis completa relativa ao centro, o seu organigrama, organización xeral, oferta formativa e actividades extraescolares e complementarias, así como os principais documentos do centro (Proxecto Educativo; Programación Anual; Plan de Convivencia e NOFC).

O **IES Eduardo Pondal** atópase no Lugar da Trabe, do Concello de Ponteceso, que pertence á comarca coruñesa de Bergantiños. Ten a súa área de influencia social sobre catro concellos: o mesmo Ponteceso, Cabana, Laxe e Malpica, aínda que este último pertence á zona educativa de Carballo. Nas webs

dos Concellos atópase moita información relevante sobre poboación, economía e recursos socioeconómicos e culturais do noso contorno de influencia.

Ten relevancia na economía o sector primario, tanto a pesca (Malpica e Corme principalmente), como a agrogandería, que ten presenza tamén en todas as parroquias como complemento ás propias economías familiares.

No sector secundario destacan as actividades da construción, a madeira, a produción de alimentos e a industria da confección. O comercio minorista e o transporte son as principais ocupacións do sector terciario. O turismo rural é un sector relanzado coa promoción de casas de turismo rural e a recuperación tanto da arquitectura popular como de monumentos historicoartísticos, ademais da sinalización de rutas de sendeirismo relacionadas co camiño costeiro de peregrinación a Fisterra.

Por último, cómpre deixar constancia dun movemento de traballadores cara as zonas máis desenvolvidas, en canto a tecido empresarial e industrial, de Carballo, Arteixo e A Coruña.

O Concello sofre regresión demográfica, debida a un constante goteo migratorio. A zona de Bergantiños, desde os anos 60 é unha zona de tradicional emigración á Europa, e máis en concreto a Suíza, e por cuestións de traballo tamén marchan a outros puntos tanto de Galicia como do resto do país.

Vese tamén o fenómeno inverso, o da inmigración procedente do estranxeiro, de Latinoamérica, o Magreb, e países de Leste de Europa, moitos xa asentados no contorno desde fai tempo, e en moitos casos formando familias mixtas nas que conviven culturas e idiomas diferentes.

O Concello de Ponteceso oferta servicios no ambito da saúde, deportivos, culturais e sociais. Foméntase o asociacionismo, e hai un compromiso con temáticas como diversidade, igualdade e prevención da violencia de xénero, as preocupacións medioambientais, a promoción do emprego local e a xuventude.

É de destacar a presenza da Fundación Eduardo Pondal, que mantén unha relación de colaboración activa co centro.

As vías de comunicación por carretera teñen mellorado moito nos últimos anos, pero a oferta de transporte público é escasa, circunstancia que condiciona moito as eleccións do alumnado para continuar os seus estudos.

## O centro

A oferta educativa deste curso recóllese na seguinte táboa:

**Táboa 1: Oferta educativa do centro**

E.S.O.	BACHARELATO
1º a 4º: Dúas liñas en 1º, 2º e 4º. Grupo PDC (Programa de Diversificación Curricular) en 3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Humanidades / Cc. Sociais</b>, con itinerarios en Humanidades e en Ciencias Sociais.</li> <li>• <b>Ciencias e Tecnoloxía.</b></li> </ul>

FORMACIÓN PROFESIONAL	
<b>Grao Básico</b>	Familia: <b>Transporte e Mantemento de Vehículos</b>
<b>Grao Medio</b>	Familia: <b>Transporte e Mantemento de Vehículos</b> Ciclo: <b>Electromecánica de Vehículos Automóbiles</b>
	Familia: <b>Servizos socioculturais e á Comunidade</b> Ciclo: <b>Atención a Persoas en Situación de Dependencia</b>
<b>Grao Superior</b>	Familia: <b>Transporte e Mantemento de Vehículos</b> Ciclo: <b>Automoción. DUAL.</b>

O centro conta con **servizos** de cafetería, empregado pola maioría do alumnado, e transporte escolar, que beneficia fundamentalmente ao alumnado da ESO que procede de núcleos de poboación máis alonxados e dispersos. O transporte ata o centro é unha dificultade para algún alumnado de estudos post-obrigatorios.

O centro aposta no seu proxecto polo compromiso, o diálogo e a participación da comunidade educativa a través dos seus órganos de decisión colexiada (Consello Escolar, Claustro e a Xunta de Delegados). En relación á participación das familias, é de destacar que non existe ANPA.

O centro participa activamente en diversos programas da Consellería, como diversos Contratos Programa (Innova, Inlúe-T, Emociona-T, PROA+), nos Plans Proxecta desde distintas áreas, Programa Erasmus+, Polos Creativos, Club de Ciencias, e a través dos equipos de Dinamización Lingüística e de Biblioteca. A expectativa para o este curso é manter e/ou incrementar esta participación.

En toda a ESO emprégase EDIXGAL.

Existe Plan de Formación Permanente do Profesorado, que neste curso contará con varias liñas de traballo: Convivencia, Promoción do Emprendemento e a Empregabilidade.

## **O Claustro**

A meirande parte do claustro, formado por aproximadamente 51 docentes, ten a súa praza no centro e máis de dous anos de antigüidade nel, polo que pode considerarse un claustro estable. Nembargantes, polo elevado número de docentes e a diversa problemática persoal, familiar e profesional que implica, son frecuentes os movementos por substitucións temporáis.

En conxunto, un ámbito a traballar é a atención dos procesos de acollida destes profesionais que asisten temporalmente ó centro, das novas incorporacións, e en conxunto, mellorar a coordinación das actuacións entre os distintos órganos, o profesorado do centro, e o departamento de orientación, especialmente no tocante á atención á diversidade.

## **O Alumnado**

Ao noso centro chega para cursar a ESO fundamentalmente alumnado procedente dos centros adscritos, que teñen os seus respectivos Departamentos de Orientación:

- C.E.I.P. Eduardo Pondal , de Ponteceso.
- C.E.I.P. As Forcadas, de Corme.
- C.E.I.P. de Buño (non adscrito, pero remite alumnado á ESO).

Para as ensinanzas de Bacharelato chega alumnado de todas as localidades do concello, e tamén dos concellos de Cabana e Malpica, que non ofertan bacharelato. Nos ciclos de Formación Profesional tamén hai alumnado de distintos concellos e localidades.

Neste curso escolar a matrícula é de aproximadamente 364 alumnos e alumnas.

### 3. ANÁLISE DE NECESIDADES

Dentro do conxunto do Alumnado con Necesidades Específicas de Atención Educativa, temos alumnado con discapacidade intelectual e discapacidades de tipo motórico leve, que nalgún caso requiren adaptacións curriculares en diversas materias.

Temos alumnado diagnosticado de TDA, con e sen Hiperactividade, e varios casos de alumnado no espectro do autismo, e o profesorado frecuentemente demanda apoio para xestionar estas diversidades.

Unha parte do noso alumnado ten un perfil asociado a dificultades académicas e posibilidades de fracaso escolar derivadas de distintas condicións.

Trátase, por unha banda, de alumnado ben integrado na dinámica escolar, pero con necesidades derivadas de Dificultades Específicas de Aprendizaxe de diversa natureza e intensidade.

Por outra parte, alumnado con boas capacidades pero que ten unha situación de vulnerabilidade sociofamiliar ou presenta problemáticas asociadas á súa historia persoal ou familiar, que repercuten negativamente na aprendizaxe e interfieren no bó desenvolvemento tanto persoal como social ou académico.

Dentro deste grupo atópase tamén o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo derivado da súa incorporación tardía no sistema educativo procedentes do extranxeiro, que pode precisar medidas de atención á diversidade por descoñecemento das linguas, desfase curricular ou necesidade de coñecemento e integración social e cultural.

Tamén hai algún casos, especialmente nos cursos medios da ESO e FPB, de alumnado pouco implicado na vida académica, con experiencia de fracaso escolar e risco de abandono do sistema educativo.

Como unha das formas de traballo con este alumnado con NEAE, o centro desenvolve un Programa de Diversificación Curricular (PDC) en 3º da ESO, e o Programa PROA+ na ESO, Bacharelato e FP de Grao Básico.

Estas condicións descritas tamén poder esixir en ocasións a intervención de Servicios Sociais, Fiscalía de Menores ou outras institucións relacionadas con problemáticas sociais e da xuventude, e o centro colabora e coordínase con elas.

O curso pasado tense iniciado en algunha ocasión o protocolo para a prevención do acoso escolar, e houbo situacións que sin chegar a esta tipificación, sí constitúen condutas contrarias á boa convivencia. O centro leva traballando en materia de convivencia e educación emocional desde hai anos, e os resultados suxiren que é positivo e necesario continuar nesta liña.

A maioría do alumnado do centro pode considerarse ben integrado, tanto académica como socialmente, e destes, unha porcentaxe teñen un rendemento bó, algúns brillante, con interese na aprendizaxe. Non debemos esquecer nembargantes, que este alumnado tamén require apoio e seguimento para facilitar o seu proceso de desenvolvemento social e persoal, e guía na transición polas etapas educativas e o paso ao mundo profesional, xa que en ocasións, polo “pouco problemáticos”, estes alumnos e alumnas demandan menos a nosa atención e poden quedar en risco de ser atendidos de xeito rutinario.

Segue a ser unha necesidade ó apoio a docentes e persoas titoras no abordaxe da diversidade dentro e fora da aula. Tamén e preciso informar e apoiar ás familias, e promover a súa implicación e participación na vida do centro.

Unha problemática que vai adquirindo cada vez máis relevancia, e tendo crecente visibilidade social, é a relacionada coa saúde mental e o benestar socioafectivo. Cada vez temos máis presenza de alumnado con algún tipo de condición relacionada coa saúde mental ou a diversidade cognitiva, e a súa atención é motivo de consulta frecuente ao departamento. Pola outra banda, nos cursos recentes tivemos unha crecente presenza de dificultades relacionadas coa ansiedade e que afectan ó benestar emocional, non so entre o alumnado, senón no conxunto da comunidade (profesorado, familias), na que se reflicte a situación da nosa sociedade.

Neste curso, ademáis, o coñecemento, a aceptación e a inclusión das persoas con diversidade funcional e cognitiva, e o fomento da súa participación na vida da comunidade, vai ser un dos obxectivos de traballo, dada a incorporación ao centro de alumnado con estas condicións.

Por último, non podemos esquecer que o alumnado está no noso centro en proceso de transición, ben entre etapas educativas para continuar os seus estudos, ben en transición cara á incorporación ó mundo laboral, ou buscando a súa

progresión neste, polo que precisará formación e orientación tanto académica como laboral.

Para dar resposta a todas estas necesidades no alumnado, seguindo entre outros o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade en Galicia, o centro articula as medidas xerais que se reflicten na seguinte táboa, sen perxuízo de que podan activarse outras previstas na lexislación, de xurdir a necesidade:

**Táboa 2: Medidas de Atención á Diversidade Ofertadas polo centro**

<b>Ordinarias</b>	<b>Extraordinarias</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Medidas organizativas no centro e na aula. Adaptación de espazos.</li><li>▪ Adaptación das Programacións Didácticas ao contorno do alumnado.</li><li>▪ Uso de Metodoloxías inclusivas.</li><li>▪ Adaptación de métodos, tempos, estratexias ou instrumentos de avaliación.</li><li>▪ Apoio do profesorado dentro e fora da aula.</li><li>▪ Desdobres.</li> <li>▪ Programas de Reforzo nas áreas instrumentais básicas.</li><li>▪ Programa de Enriquecemento Curricular.</li><li>▪ Programas de Reforzo para alumnado que repite curso.</li><li>▪ Programas Específicos individualizados.</li><li>▪ Programas de Habilidades Sociais</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Adaptacións Curriculares</li><li>▪ Programa de Diversificación Curricular (3ºESO)</li><li>▪ Apoio de Profesorado de Pedagogía Terapéutica.</li></ul>

Concretando as necesidades despois da contextualización e do análise:

En relación ao **Centro**:

1. Insuficiencia das actuacións relacionadas coa comunicación e coordinación docente.
2. Necesidade de desenvolver programas e actuacións que contemplan as demandas na comunidade escolar.

En relación ao **Profesorado**:

3. Necesidade de asesoramento para a integración curricular da orientación e para a atención á diversidade.
4. Recursos que faciliten a súa labor docente.
5. Coordinación e apoio para a implantación de medidas que favorezan o traballo autónomo do alumnado, o uso de estratexias de traballo intelectual e a súa motivación pola aprendizaxe.

En relación ás **Familias**:

6. Baixa participación na vida escolar e nos procesos de toma de decisións.
7. Necesidade de asesoramento en relación aos procesos educativos dos seus fillos e nas posibilidades que ofrece o sistema educativo e o mercado laboral.

En relación ao **Alumnado**:

8. Fortalecemento dos procesos de acollida e integración na vida do centro a nivel persoal, académico e social, e fomento de expectativas positivas respecto do seu desempeño na mesma.
9. Mellora das técnicas instrumentais, prevención das dificultades de aprendizaxe, consolidación de hábitos e técnicas de estudo e traballo intelectual, e da autonomía na aprendizaxe.
10. Asesoramento na transición polas etapas do sistema educativo e na incorporación ao mundo laboral, facilitando os procesos de toma de decisións e a construción dun proxecto persoal.
11. Recursos persoais e acceso a recursos materiais e apoios sociais que permitan o máximo desenvolvemento de cada alumno e alumna.
12. Necesidade de recursos e estratexias para unha convivencia positiva.

#### 4.DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS

Para dar resposta ás necesidades identificadas, os nosos obxectivos de traballo serán:



### **Obxectivos Xerais do Plan**

- Contribuir ó logro dos obxectivos xerais do centro establecidos, participar activamente nos plans e programas desenvolvidos, dentro do ámbito de competencias do departamento, e contribuir as adaptacións pertinentes para dar resposta ás novas demandas da comunidade escolar e da administración educativa.
- Asesorar ós órganos directivos, de coordinación, de participación e docentes en asuntos relacionados coa súa vertiente orientadora e tutorial, e coa atención á diversidade e mellora dos procesos de ensino aprendizaxe, e calquera outros para favorecer unha educación personalizada e integral.
- Favorecer a colaboración entre a escola e as familias, proporcionarlles información e asesoramento, e facilitar a implicación e participación das familias no proceso educativo dos seus fillos.
- Fomentar as relacións de cooperación e intercambio con institucións, servizos, organismos e axentes externos para favorecer o proceso educativo.
- Identificar e valorar as necesidades educativas do alumnado, participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade e facilitar respostas educativas e apoios axeitados.
- Diseñar, coordinar e participar no deseño e desenvolvemento de actuacións e programas de intervención específicos, asegurando que cubren os requirimentos dos distintos ámbitos de intervención do departamento e as necesidades de cada etapa e momento evolutivo do alumnado.
- Proporcionar tempos, canles e recursos para a atención individualizada do alumnado que o demande, ben de xeito directo ou a través das persoas titoras ou das familias, asesorando nos diferentes campos da orientación.
- Dotar ao departamento de recursos que contribúan acadar os obxectivos propostos. Coordinar e apoiar as actuacións dos membros do departamento, e favorecer o seu desenvolvemento profesional.

### **Obxectivos Específicos en relación ao Centro**

1. Apoiar as iniciativas do equipo directivo e colaborar co desenvolvemento do Proxecto Educativo e dos distintos plans nel contidos, realizando as adaptacións pertinentes en función das demandas da comunidade escolar.
2. Colaborar no deseño, proposta e desenvolvemento de iniciativas para mellorar a convivencia no centro, o Benestar de comunidade educativa, e a participación de todos os axentes na vida da comunidade.
3. Promover e coordinar, no seu ámbito de competencias, as boas relacións e cooperación con institucións educativas, sociais, sanitarias e profesionais externas que contribúan ó proceso educativo. En particular, con institucións determinadas polos programas de intervención e iniciativas a desenvolver no curso escolar.

#### **Obxectivos Específicos en relación ao Departamento Orientación:**

4. A nivel interno, continuar a traballar para mellorar a coordinación entre os membros do departamento entre si e cos equipos docentes, buscando a coherencia das medidas adoptadas, e definindo claramente as prioridades e criterios comúns de traballo.
5. Identificar novos recursos para a atención a diversidade e orientación, axeitados as necesidades detectadas e contemplando as novas tecnoloxías, e ser quen de distribuír o seu coñecemento na comunidade escolar.
6. Coordinar as actividades do Departamento iniciadas no curso anterior e por en marcha novos programas de intervención nos distintos ámbitos.
7. Revisar e actualizar onde sexa preciso os recursos do departamento no ámbito da avaliación psicopedagóxica e da orientación vocacional e profesional.

#### **Obxectivos Específicos en relación ao Profesorado:**

8. Asesorar ós departamentos, titores e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das sucesivas concrecións curriculares, como as programacións didácticas dos departamentos, programación de aulas, as medidas de reforzo educativo e as adaptacións curriculares.
9. Diseñar, identificar e facilitar recursos para a atención do alumnado con necesidade específicas de apoio educativo. Realizar e manter actualizadas as

avaliacións psicopedagógicas e os informes precisos para a adopción de medidas de atención á diversidade.

10. Asesorar nos procesos de avaliación continua, axeitando os criterios, instrumentos e técnicas de avaliación cando sexa preciso.
11. Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas e actividades contempladas no PAT.
12. Colaborar na aplicación de accións para a mellora dos hábitos de traballo e do rendemento escolar, especialmente na ESO e Formación Profesional Básica, e a autonomía no traballo en na aprendizaxe no Bacharelato e Ciclos.

***Obxectivos Específicos en relación coas Familias:***

13. Profundizar no coñecemento das necesidades e expectativas das familias en relación co centro e coa educación dos seus fillos e fillas.
14. Apoiar os procesos de acollida, manter abertos e fluidos os canles de comunicación e facilitar a implicación e participación das familias na vida da comunidade educativa.
15. Ofrecer asesoramento e recursos informativos ás familias para a orientación académica e profesional dos seu fillos e fillas, facilitando a toma de decisións e promovendo expectativas positivas en relación ó traballo académico e a formación ó longo da vida.

***Obxectivos Específicos en relación ao Alumnado:***

16. Fomentar no alumnado unha maior autonomía, independencia e capacidade de organización, a responsabilidade e a percepción de autoeficacia, especialmente nos aspectos académicos e tarefas de estudo.
17. Traballar na integración e participación do alumnado na vida do centro, e loitar contra o absentismo e o abandono escolar.
18. Promover a orientación académica e profesional, con atención á non discriminación e a igualdade de oportunidades, e motivar ó alumnado nos seus estudos.
19. Fomentar especialmente o desenvolvemento formativo e profesional naqueles colectivos en risco de abandono ou con menores expectativas de logro.

20. Favorecer a Saúde Mental e o Benestar Emocional da comunidade educativa.

## V. PLANIFICACIÓN XERAL e LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS

### a) Liñas de Actuación Prioritarias

As liñas de actuación prioritarias se determinan tendo en conta:

- Indicacións da normativa que regula o funcionamento dos departamentos de Orientación, en particular a Orde 120/1998 de 24 de xullo, anteriormente citada, e da Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer accións prioritarias dos Servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Obxectivos e prioridades establecidos a nivel de centro e recollidos no PE e na Programación Anual.
- Prioridades contextualizadas ás necesidades identificadas no noso ámbito (centro e departamento) e contexto máis xeral.

Ademáis das actuacións xenéricas determinadas pola citada lexislación, **este curso serán actuacións prioritarias do DO as seguintes:**

1. Actualización do PXAD, PAT, POAP e documentos de departamento, tendo en conta as novidades lexislativas e a necesidade de desenvolver protocolos de actuación do departamento e de coordinación coas outras áreas.
2. Desenvolver as propostas incorporadas na concreción anual do plan, información e coordinación cos seus destinatarios, cos responsables da súa execución e a temporalización correspondente.
3. Apoiar aos equipos docentes para desenvolver as súas programacións, dando respostas as necesidades en materia de atención á diversidade, e para implantar nas aulas as medidas tanto ordinarias como extraordinarias que se determinen.
4. Coordinación con outros Departamentos de Orientación para a transición do alumnado entre etapas educativas, especialmente a transición de Primaria á

ESO, y daqueles que acceden á nova etapa sen ter superados os obxectivos da anterior, do alumnado de nova incorporación ao centro e do alumnado que presente NEAE.

5. En colaboración co profesorado, realización dunha enquisa para mellor coñecemento das súas necesidades en materia de atención á diversidade, e identificación das principais barreiras para a aprendizaxe que existen no centro.
6. Apoio e colaboración no desenvolvemento do programa PROA+.
7. Fomento da participación do alumnado en accións de orientación académica e vocacional.
8. En colaboración co equipo titorial, realización dunha enquisa para coñecer mellor as necesidades e inxerencias das familias, poder propor actuacións que respondan as súas demandas e potenciar a súa participación en actividades no centro.
9. Colaboración na resolución positiva dos conflitos e na organización de medidas que melloren a convivencia. Colaborar no funcionamento e organización da aula de convivencia. Colaborar coas titorías no seguimento do alumnado con dificultades no ámbito da convivencia.
10. Colaboración co profesorado dos ciclos e coas organizacións profesionais e empresariais para facilitar a inserción laboral do noso alumnado, a formación permanente ao longo da vida e o desenvolvemento de carreiras profesionais e itinerarios laborais acordes coas capacidades, necesidades de intereses das persoas.
11. Mellora do sistema de avaliación das actuacións do departamento, incorporando enquisas telemáticas para recoller ás opinión da comunidade educativa.

A continuación, en táboas organizadas por ámbitos, preséntanse outras actuacións prioritarias, de carácter recorrente en cada curso escolar, ás que o departamento de orientación debe atender, e que van determinando unha parte importante da axenda durante o curso.

## PRINCIPAIS ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN POR ÁMBITOS E TRIMESTRES

### XERAL, ADMINISTRACIÓN É COORDINACIÓN

#### 1º TRIMESTRE

**INICIO DAS CLASES (ESO, BAC, FP): 12/09/2023**

*Setembro:*

- 1 – 9: Asesoramento e orientación no período extraordinario de solicitudes e matrícula en Ciclos FP.
- Reunión arranque DO. Planificación do traballo e das liñas de coordinación funcional e organizativa interna e externa.  
Revisión do curso anterior.
- Colaboración co equipo directivo na actualización dos documentos do centro e concreción anual en base ós requeri-  
mentos da normativa e a contextualización ó curso que comenza.
- Avaliación de necesidades iniciais e recepción de propostas para incorporar na programación: propostas de mellora,  
demandas de actividades, e temas de interese a abordar ó longo do curso.

- Elaboración/Revisión e presentación da concreción do Plan Anual DO. Elaboración/Revisión PAT/PAD/POAP anual e presentación ao Claustro.
- Asesoramento ás familias no Período de solicitude de Becas para Atención a Diversidade.
- Determinación de necesidades do DO (materias e formativas), para o desenvolvemento do Plan.
- Sesión de traballo coa comunidade docente sobre MAD e modificacións legislativas en materia de acción tutorial, MAD e orientacións relevantes para o desenvolvemento do curso escolar.
- Avaliación inicial: asesoramento na avaliación inicial do alumnado.
- 1ª e 2ª semana: Inicio das actuacións do Programa de Acollida.
- *Propostas e colaboración na solicitudes de Programas (CONTRATOS-PROGRAMA: PROA+, Inclúe-T, outros).*

*Outubro:*

- Colaboración no Diagnóstico de seguimento da convivencia escolar.

*Decembro:*

- Xunta Avaliación (1ª). Asesoramento nos procesos de avaliación.
- Recollida e análise de información. Avaliación das actuación do DO no primeiro trimestre.
- Atención os requerimentos de información nos sistemas da administración educativa.

## 2º TRIMESTRE

- Reunión Seguimento Contratos Programa.
- Atención ás demandas e necesidades xurdidas da primeira avaliación trimestral.
- Medidas de axuste nos plans do Departamento en función dos resultados da primeira avaliación do plan, e dos resultados da Avaliación da Convivencia.

### *Febreiro:*

- Atención á convocatoria das probas de acceso a ciclos formativos, identificación do alumnado que podería beneficiarse, e información. Atención á convocatoria das probas libres para a obtención dos títulos de ESO e Bacharelato.
- Publicación de vacantes/oferta de prazas para o curso seguinte. Reserva de prazas alumnado adscrito.

### *Marzo:*

- Día 1: Inicio prazo solicitude escolarización ACNEAES.
- Xunta Avaliación (2ª). Participación en calidad de asesoramento nos procesos de avaliación.
- Recollida e análise de información. Avaliación das actuacións do DO no segundo trimestre.

## 3º TRIMESTRE

### *Abril:*



- Visita ós centros de Primaria para tratar novas incorporacións e planificar o proceso de transición entre etapas do alumnado.

*Maio:*

- Recuperación de pendentos convocatoria ordinaria.
- Xunta de Avaliación (3ª). Participación en calidade de asesoramento nos procesos de avaliación.
- Previsión de necesidades educativas para o curso seguinte (posibles reforzos, novas AC, PDC, FPB, outros).
- Colaboración co alumnado e familias na solicitude de bolsas e outros recursos económicos para o seguinte curso.
- Recollida de información no centro de Primaria.

*Xuño:*

- 1ª sesión de información ó equipo titorial de 1º ESO e ás familias de novo alumnado.
- Avaliación Final e Extraordinaria. Participación en calidade de asesoramento nos procesos de avaliación.
- Colaboración na elaboración dos grupos clase, agrupamentos específicos ou outros.
- Reunión de avaliación final dos contratos-programa. Participación na elaboración da Memoria.
- Reunións coas familias do alumnado proposto para FPB ou PDC, informes, colaboración coas persoas titoras para realizar o Consello Orientador. Avaliacións psicopedagóxicas cando proceda.
- Asesoramento ao alumnado e familias na presentación de solicitudes e matrícula en ciclos.

- Avaliación e Revisión de actuacións do exercicio para a Memoria Anual.

## **21/06: ÚLTIMO DIA CLASES**

### **ATENCIÓN A DIVERSIDADE E APOIO AO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE**

#### **1º TRIMESTRE**

- Revisión de historiais e informes do alumnado novo.
- Avaliación Inicial do alumnado. Probas de Screening en 1º ESO. Avaliacións Psicopedagóxicas iniciais.
- Colaboración na revisión dos documentos de centro e departamentos cando proceda. Deseño e programación do PXAD, recollendo as propostas da CCP, en coordinación cós titores e resto do equipo docente.
- Previsión e posta en marcha dos programas específicos neste ámbito.
- Apoio na incorporación de elementos transversais, adaptacións organizativas e metodolóxicas para a atención á diversidade.
- 1ª reunión coas familias de alumnado con NEAE.
- Seguimento do alumnado con AC. Asesoramento a titores e docentes na elaboración/revisión das AC.
- Posta en marcha das accións de reforzo e da aula de apoio educativo.
- Apoio nas medidas cós alumnos que promocionaron con materias pendentes.

- Elaboración de horarios RE/Apoio, e comunicación ás familias ó través dos Titores.
- Asesoramento ao Profesorado en Medidas de Atención á Diversidade.
- Asesoramento e apoio ó profesorado en MAD na avaliación.

### **2º TRIMESTRE**

- Entrevistas 2ª coas familias de alumnado NEAE e outras que o precisen para valorar os resultados da primeira avaliación e tomar as medidas necesarias.
- Asesoramento e apoio ó profesorado en MAD na avaliación.
- Seguimento do desenvolvemento do PXAD.

### **3º TRIMESTRE**

- 1-15 abril: solicitudes flexibilización do alumnado con NEE.
- Antes do 15 de maio: Elaboración de Dictames de Escolarización e solicitude de Recursos Extraordinarios
- Asesoramento e apoio ao profesorado en MAD na avaliación.
- 1-15 Xuño: Solicitudes de flexibilización para o Alumnado con Altas Capacidades.
- Proposta de alumnado para grupos PDC e FPB no curso seguinte.

- Maio-Xun: Traspaso de informes e dictámenes NEE dende os centros de primaria para o curso seguinte. Reunións informativas cos titores (e outro profesorado cando proceda).

## PLAN DE ACCION TITORIAL

### 1º TRIMESTRE

Setembro / Outubro:

- Asesoramento á Xefatura de Estudos no peche da formación de grupos e na asignación de titorías. Reunión inicial cos titores e consenso das propostas para o PAT.
- Plan de Acollida do alumnado con especial atención ó alumnado con NEE, NEAE e cambios de etapa/ensinanza.
  - PLAN TRANSICIÓN PRIMARIA-ESO.
  - Plan Acollida resto: ESO / BAC / FPB / FPGM / e Docentes.
- Presentación, no ámbito dos devanditos plans, do DO e do Plan Anual ó conxunto da comunidade.
- Sesión Plan de Acollida Familias en transición desde a ESO. Apoio ós titores na 1ª reunión coas familias.
- Finais Outubro – Princ. Nov: Realimentación ás familias dos resultados da Avaliación Inicial.
- Decembro: Participación na información e asesoramento a familias e alumnos dos resultados da avaliación.
- Inicio das actividades de Técnicas de Estudo en 1º e 2º ESO, FPB e PDC.

<b>2º TRIMESTRE</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Continuación do desenvolvemento das actividades programadas no PAT.</li><li>• Revisión cós titores da evolución e resultados do 1º trimestre, e axustes cando sea preciso.</li></ul>
<b>3º TRIMESTRE</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Continuación do desenvolvemento das actividades programadas no PAT.</li><li>• Revisión cós titores da evolución e resultados do 2º trimestre, e axustes cando sea preciso.</li><li>• Nomeamento de alumnado colaborador para as Xornadas Acollida, e sesións de formación. Xornadas de Acollida a 1º ESO para o alumnado procedente de primaria e as súas familias, e para o alumnado que vai a 1º BACH e Ciclos Medios.</li><li>• Asesoramento aos titores na elaboración dos Consellos Orientadores, nos cursos que proceda.</li><li>• Recollida e análise de información para avaliación final PAT. Incorporación de propostas de mellora.</li></ul>
<b>PLAN DE ORIENTACION ACADÉMICA E PROFESIONAL</b>
<b>1º TRIMESTRE</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Planificación das actuacións anuais en coordinación co profesorado de FOL e os titores.</li><li>• Apoio á persoa titora/coordinadora das prácticas FCT do alumnado de ciclos, cando proceda.</li></ul>

- Preselección de empresas para visitas, e actividades a incluír no programa anual de orientación.
- Actualización da documentación relacionada coa materia, mercado laboral, e plans e programas no ámbito da orientación académica, vocacional e profesional e a FP. Organización dos espazos de información de Orientación no centro e na aula Virtual.
- Inicio das actuacións relacionadas co Programa a Ponte (USC), e propostos por outras universidades do EIG.
- Cuestionarios iniciais de orientación vocacional con 4º ESO e BACH.

### **2º TRIMESTRE**

- Continuación das accións do plan anual de Orientación Vocacional e Profesional, segundo o calendario especificado nos programas. Semana da Orientación.

### **3º TRIMESTRE**

- Continuación das actividades orientación académico vocacional enfocadas á elección de itinerarios, ABAU e estudos de continuación.
- Apoio no seguimento e avaliación das prácticas FCT.
- Recollida de información e avaliación final do POAP. Propostas de mellora para o curso vindeiro.

### **c) Estratexias e Metodoloxía De Intervención**

A orientación enténdese como un proceso contínuo e global, planificado, sistemático e sistémico que abrangue e implica a toda a comunidade educativa. É esencial compartir o esforzo e a responsabilidade no proceso de acadar a formación integral e o máximo desenvolvemento do alumnado, facilitando a súa inserción e participación no contexto social e respectando as individualidades.

A estratexia prioritaria é a prevención. Nembargantes, contemplamos na nosa programación e metodoloxía de intervención as accións correctoras, reeducadoras a compensadoras que sexan precisas cando a prevención primaria non dea chegado.

A intervención do Departamento de Orientación basease no Modelo de Programas, dirixido preferentemente, pero non exclusivamente, á intervención grupal, e a todo o centro, incluíndo axentes educativos como profesorado e familias.

Na implantación e desenvolvemento dos programas, o noso papel principal como responsables da Orientación no centro é de impulso e coordinación, mentras que a maioría das accións de intervención non van requirir da nosa intervención directa, senon que serán desenvolvidas polas persoas titoras e docentes.

Por eso, tamén é moi relevante a función de asesoramento seguindo o Modelo de Consulta Triádica, na que se apoia a titores e docentes no desenvolvemento da súa función orientadora, traballando de xeito coordinado e con obxectivos e responsabilidade compartida.

Do mesmo xeito, contémpnanse intres de Asesoramento Individualizado para o alumnado que o precise, xeralmente sendo máis demandado no ámbito do desenvolvemento personal e da orientación vocacional, e ademais destes, polas familias e docentes no ámbito da atención á diversidade.

#### **Asesoramento ao Profesorado**

No asesoramento ó profesorado a orientadora recorre a súa formación e experiencia especializada para apoiar e facilitar o traballo de outros profesionais e áreas, como poden ser:

- Asesoramento en relación á dinámica xeral do centro: por exemplo, para a adaptación de espazos para facer máis inclusivos os recreos, ou ás adaptaciónes do PE ás demandas da comunidade.
- Asesoramento aos departamentos didácticos: por exemplo, ás orientacións pedagóxicas a través da CCP.
- Para o desenvolvemento da acción titorial, axudando na concreción do PAT para un grupo e a selección de contidos e actividades.
- Asesoramento con respecto ás familias, facilitando as entrevistas periódicas.
- Para facilitar a práctica docente na aula, asesorando respecto dos alumnos, uso de metodoloxías inclusivas axeitadas a determinadas necesidades, por exemplo.

A intervención da orientadora, pode realizarse como asesoramento personalizado directo, indirecto (a través da persoa titora), ou xeralizado, mediante formación e información. Favorece a capacitación das persoas que teñen que realizar as intervencións máis directo, e o autodesenvolvemento institucional. Pon o acento na interdependencia de posicións, roles, responsabilidades e actitudes, na formulación colectiva de metas, a toma de decisións consensuada e o traballo en equipo.

### **Asesoramento Individualizado ao alumnado**

Está prevista a realización de asesoramento individualizado, baixo demanda, a unha parte do alumnado e ás súas familias. Isto quere decir que, de xeito habitual, o asesoramento individual vai ir precedido de asesoramento grupal a través dos programas correspondentes, e se desenvolve únicamente cuando íste é insuficiente, porque cun determinado alumno ou alumna non se acadan os obxectivos previstos, ou porque polas súas características persoais requiren dunha intervención adicional.

Pode iniciarse o asesoramento individualizado por tres vías de demanda:

1. O alumno ou alumna (ou a súa familia ou titores legais, no seu caso), realiza a demanda de xeito voluntario ao departamento de orientación.
2. Derivación da persoa titora, que é o xeito máis habitual.
3. Iniciativa da propia orientadora cando detecta a necesidade.



Nunha reunión inicial coa orientadora se concreta a demanda e se perfilan as liñas da intervención e se concretan os obxectivos. O número de sesións e a súa temporalización, e o desenvolvemento da intervención dependerá da necesidade que se estea a traballar e das características do alumno ou alumna, pero o que se persigue é asesorar de xeito non directivo e facilitar recursos, estratexias e ferramentas para que o alumno, a alumna ou a familia, de ser o caso, podan tomar as súas propias decisións e chegar a unha solución, o máis exitosa posible, da demanda plantexada. Os resultados da intervención e as valoracións dos axentes implicados recolleráanse na correspondente avaliación.

### **Asesoramento ás familias**

O asesoramento ás familias comprende actividades informativas e preventivas de carácter grupal, e intervencións de xeito individual que xeralmente van dirixidas ás familias de alumnado con NEE/NEAE, ou no eido da orientación vocacional e a selección de estudos ou itinerarios.

As primeiras van insertas nos distintos programas, dacordo co seu deseño e planificación. Ademais de intervencións directas da orientadora, pode realizar unha intervención mediadora e de asesoramento colaborativo, cando a intervención corre a cargo doutros docentes, principalmente persoa titora e membros do equipo directivo, como xa se apuntara no apartado anterior.

As canles máis pertinentes para o asesoramento grupal ás familias son as reunións e actividades programadas, as Escolas de Nais e Pais, e a divulgación informativa e documental ó traves da web do centro e a aula virtual/Edixgal.

Para a atención individualizada, o departamento reserva alomenos unha sesión semanal no horario das distintas profesionais, e ofrece a posibilidade de concertar outras citas, para facilitar a conciliación.

Para o contacto e a transmisión de información máis frecuente e informal, utilizamos preferentemente os medios electrónicos corporativos.

En xeral, para xestionar e no seu caso priorizar as solicitudes de intervención, tomarase como referencia a normativa correspondente adaptada ao contorno do noso centro, co obxectivo de axilizar a resposta dos casos de carácter máis urxente e cumprir os prazos e protocolos establecidos polas Consellerías. Un traballo a

realizar neste curso será a actualización destes criterios consonte a normativa, no PXAD.

O uso de modelos estandarizados de solicitude de intervención, derivación ao departamento de orientación (ou a outros niveles da orientación si é preciso), e o rexistro das solicitudes e consultas recibidas, facilita tanto a recollida de información previa como o seguemento das actuacións e o seu reflexo no DRD Orienta e DRDadi.

#### **d) Recursos**

##### **Recursos persoais e organizativos**

Polo que respecta aos recursos persoais internos do departamento, é dicir, os que téñen a súa ubicación no centro, contamos coa seguinte estrutura para este curso escolar:

- Xefatura do Departamento: Mariana Varela Bramwell
- Profesora Pedagogía Terapéutica: Rosa M<sup>a</sup> García Suárez
- Docente no ámbito Científico Tecnolóxico e Titor de 1º Bacharelato B: Alexandre Pérez Gómez.
- Docente no Ámbito Lingüístico e Xefe de Estudos: Encarna Rodríguez Barca
- Profesora de Formación e Orientación Laboral: Bibiane Esperante Rodríguez
- Profesora de Pedagogía Terapéutica (Programa PROA+): Alicia Caínzos Urtiaga.

Tamén podemos considerar un recursos persoal relevante ao conxunto da comunidade que participa da función orientadora. No propio centro contamos a nivel organizativo coa colaboración dos órganos de goberno do centro, órganos de coordinación docente, e de representación e participación das familias.

É esencial garantir unha boa coordinación entre os axentes no desenvolvemento das actuacións. Para facilitar esta coordinación hai establecidos canles de comunicación e intres reservados para a mesma, como son as reunións do departamento, as reunións de coordinación coas persoas titoras, as reunións

trimestrais de avaliación, e as reunións periódicas da CCP e o claustro, entre outras.

Os horarios establecéronse a principios de curso, unha vez definidos os grupos e as titorías asignadas, procurando a mellor coordinación posible dos profesionais do DO e dos distintos participantes.

Ademáis, como recursos organizativos fundamentais para a implementación deste plan temos que recurrir ás actividades complementarias e extraescolares, ás horas de dedicación ao centro e as actividades telemáticas, especialmente nas etapas e cursos nas que non se conta coa hora semanal de titoría.

Tamén as reunións regulares co equipo directivo, especialmente coa Xefatura de Estudos, a quen corresponde a coordinación da dirección de actividades de titoría e orientación, dacordo co PAT e POAP. A participación da Xefe de estudos como profesora de ámbito no departamento de orientación facilita esta coordinación.

Do mesmo xeito, para facilitar que o alumnado poda plantexar as súas demandas e consultas, ademáis do correo do departamento e do espazo do departamento na web do centro, resérvanse os tempos dos recreos para atención ao alumnado, coa posibilidade de utilizar outros espazos en función das necesidades.

Para atención ás familias resérvanse unha sesión preestablecida á semana, tanto no horario da Orientadora, como das Especialistas en Pedagogía Terapéutica, ofrecendo outras posibilidades previa cita. Dacordo co indicado na normativa, planifícase alomenos unha reunión trimestral de seguimento, coa familia ou titores legais do alumnado para o alumnado con NEE. Poden establecerse baixo demanda das partes outras reunións que se consideren necesarias, ademais de manter contacto por outras vías xa preestablecidas das que as familias reciben a oportuna información.

En xeral, o departamento de orientación quere transmitir un plantexamento de portas abertas, tanto presencial como virtualmente (utilizando os medios propostos pola Consellería) para favorecer a comunicación co conxunto da comunidade escolar.

Outros xeitos de comunicación e coordinación serán o correo electrónico corporativo, Abalar, web do instituto, e dentro desta o espazo do departamento máis a Aula Virtual/Edixgal de Orientación.

A **coordinación externa** co resto das estruturas de orientación se realiza en base ó que determina a normativa, en particular a Orde do 24 de Xullo de 1998, a Circular 10/2010, e outros documentos e protocolos relacionados coa solicitude e procesos de escolarización, os cambios de centro, soporte en avaliacións psicopedagóxicas, solicitudes de intervención, etc.

A coordinación externa tamén inclúe a **relación con outras institucións** que de modo directo ou indirecto interveñen no desenvolvemento educativo do alumnado, como as anteriormente citadas. A relación con estes estamentos, para organizar e coordinar intervencións compartidas levaráse a cabo a través de entrevistas ou reunións previamente concertadas, así como mediante as TIC, según o caso.

Para a mellor orientación académica, vocacional e laboral do alumnado, está previsto tamén o apoio nos responsables de dinamizar a relación do centro co tecido educativo e empresarial do contorno, dentro do fomento das relacións empresa escola, especialmente relevante no caso da formación profesional.

Por último, é relevante a participación e comunicación con redes de profesionais, centros e institucións no ámbito da orientación, compartindo apoios, referencias e boas prácticas, fomentándose a participación activa de tódolos membros do departamento de orientación.

### **Recursos materiais**

O Departamento xestiona un presuposto propio, ademáis das contribucións do Fondo Social Europeo. Conta con áreas de traballo específicas, dotadas de equipamento suficiente, facilitando así a privacidade e confidencialidade necesaria en moitas actuacións, e a oportuna custodia da documentación sensible que se recolle nos expedientes de orientación.

Con relación aos recursos materiais do departamento, compre destacar:

- Material especializado para a realización das avaliacións psicopedagóxicas

- Material bibliográfico, tanto no propio departamento como na biblioteca do centro, aberto para consulta (temáticas como orientación, educación emocional, igualdade e diversidade, etc.)
- Programas comercializados, analóxicos e dixitais.
- Programas e materiais elaborados polo propio departamento en diferentes soportes
- Base de lexislación educativa para consulta, en soporte papel e online.

### **Novas tecnoloxías na orientación**

Non se entende hoxe a orientación sin o recurso ás novas tecnoloxías e a disponibilidad de recursos virtuais que potencian e facilitan a nosa labor. É responsabilidade do Departamento de Orientación utilizar estes recursos, e potenciar no alumnado o desenvolvemento da competencia dixital, a través do uso responsable e crítico das TIC. En particular, neste curso se intensificará a búsqueda e utilización de recursos neste ámbito, asegurando que chegue a tódolo alumnado e as súas familias, especialmente a aqueles máis vulnerables, como alumnado con NEE ou NEAE ou en risco de sufrir a fenda dixital, así como asegurar a formación dos membros do departamento.

É de destacar a formación recibida no terceiro trimestre do pasado curso no uso de ferramentas dixitais para a comunicación e o ensino, e a apertura dun aula virtual para o departamento, no que se facilitará ó acceso a diferentes recursos de orientación.

### **Temporalización e Secuenciación**

Ademáis do qué e do cómo imos facer, é necesario planificar o cuándo das distintas actuacións. En gran medida a temporalización vai vir marcada pola propia dinámica do curso escolar.

É salientable que para a temporalización establécense fundamentalmente referencias trimestrais, xa que debe ser flexible, e será mellor concretada, na CCP e nas reunións coas persoas titoras, para os distintos programas de intervención. Do mesmo xeito, a secuenciación de contidos sigue a organización das etapas e do curso académico en cuestión, tendo en conta que os procesos de intervención deben realizarse de xeito gradual, coordinado, progresivo, cun plantexamento

realista dado o número de actividades que realizar, as demandas do propio curso e as necesidades máis significativas de cada etapa e momento.

## AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN

A avaliación do plan do departamento de orientación é imprescindible para valorar o grado no que se acadaron os obxectivos, a satisfacción dos usuarios internos e externos, e facer posible un seguimento que garante a calidade e a mellora e innovación permanentes, en liña coas directrices determinadas pola normativa vixente, o espírito do PE e o sentir e as expectativas da comunidade educativa á que serve (avaliación externa), incluíndo as dos propios membros do departamento (avaliación interna).

Aínda que se realiza de forma continua, ao longo de curso escolar e paralela ao desenvolvemento das actividades previstas, hai tres intres especialmente relevantes na avaliación:

1. **Avaliación inicial:** No mes de setembro. Avaliación de necesidades e diagnóstico da situación de partida. Baséase en diversas fontes, como as conclusións do exercicio anterior reflectidas na Memoria, e as necesidades e particularidades específicas do curso escolar que comenza (características e necesidades do alumnado, familias, centro en su conxunto, equipo docente en particular, resto da comunidade, e requerimentos normativos para o ano escolar). Participa equipo directivo, CCP, titores e resto de docentes, e membros do departamento de orientación, que coordina a recollida de información e propostas. Recóllense tamén as aportacións das familias e, no seu caso, doutros membros da comunidade educativa.
2. **Revisión e axuste:** Trimestralmente, de forma simultánea ou subseguinte ás sesións de avaliación, e previa á elaboración da Memoria Final no caso da última avaliación.
  - Seguimento xeral da programación e das actuacións acometidas nos distintos ámbitos, realizando os axustes que sexan pertinentes.
  - Revisión da aplicación e resultados das medidas de atención á diversidade, axustando a resposta educativa cando sexa preciso.

Participan xefatura de estudos, titores e docentes implicados, departamento de orientación, informando ás familias e recabando a súa valoración.

3. **Avaliación final**, valorando a efectividade dacordo con criterios de logro de obxectivos globais, eficacia e eficiencia, idoneidade e adecuación dos seus elementos, pertinencia das actuacións, etc. Danos unha visión global necesaria para analizar os logros, as dificultades atopadas, os principais factores condicionantes do resultado, e enfocar as propostas de mellora. Participa ó conxunto de comunidade educativa, a través de enquisas, comunicacións, etc.

As modificación ou axustes ó plan introducidas ó longo do curso escolar, as valoracións da consecución dos logros, e as propostas de mellora se recollen na Memoria final, que se presenta no mes de Xullo para informar á comunidade educativa sobre o desenvolvemento e os resultados da nosa actividade. As proposta recollidas son a base do Plan de Mellora do Plan de Orientación, co que cada ano aprendemos da nosa experiencia para progresar no curso seguinte.

Se ó longo do curso escolar fose necesario algunha modificación significativa en relación ao previsto nos Plans de Atención á Diversidade, Plan de Acción Titorial ou POAP, recabarase a conformidade do Claustro e do Consello Escolar, e a autorización da Dirección do Centro, dacordo co previsto na normativa.

Ademáis dos xa mencionados, serán intres e canles de avaliación permanente:

- As reunións do departamento de Orientación, especialmente ás reunións mensuais.
- As reunións semanáis de coordinación de titorías.
- As reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- As propostas e avaliacións recollidas no buzón de suxerencias, na web do centro/departamento, e nas entrevistas coas familias/titores legais do alumnado, e con outros axentes da comunidade, como servicios e profesionais de colaboración externos.
- Os instrumentos de avaliación polos usuarios e receptores dos distintos programas e actividades acometidas, xeralmente a través de enquisas de satisfacción facilitadas ó remate dós programas e actividades.

Un obxectivo para este curso é a incorporación da enquisa telemáticas despois de cada actividade, para facilitar a recollida de opinións e o análise das mesmas.

Serán referencias a considerar na avaliación:

- Efectividade e eficacia das intervencións realizadas: avaliando indicadores como grao de consecución dos obxectivos previstos, adecuación da metodoloxía, temporalización e secuenciación, e a idoneidade do material e os recursos empregados.
- Grao de satisfacción dos usuarios no proceso, e participación da comunidade escolar nos distintos programas e actividades. Clima de relación establecido.
- Idoneidade, interese e pertinencia do programado. Inclusión no plan e cumprimento das melloras acordadas na avaliación anterior. Detección, análise e avaliación dos resultados non previstos.
- É relevante a información aportada por outros departamentos e ámbitos como servizos externos cos que se teña colaborado, e por sistemas de seguemento como DRDOrienta, DRDAI, e outros que poda establecer a administración educativa.
- Valoración por parte das persoas que exercen a Titoría dos apoios recibidos e das relacións co Departamento de Orientación.

Indicadores	Escala			
	1 Baixo	2 Medio- baixo	3 Medio- alto	4 Alto
1. Adecuación da secuenciación e da temporalización das actividades e programas.				
2. Grao de consecución dos obxectivos marcados.				
3. Relevancia dos obxectivos para a comunidade educativa.				
4. Suficiencia dos obxectivos programados.				
5. Utilidade dos recursos ofrecidos e valoración dos materiais .				



Indicadores	Escala			
	1 Baixo	2 Medio- baixo	3 Medio- alto	4 Alto
6. Adecuación das actividades e da metodoloxía empregada para favorecer o desenvolvemento das competencias clave e da educación en valores.				
7. Interese da comunidade educativa con respecto ás actividades desenvolvidas.				
8. Grao de satisfacción dos participantes nas actividades e programas.				
10. Desenvolvemento correcto dos canles de coordinación.				
11. Grao de implicación e participación nas actividades e programas dos implicados.				
12. Eficacia das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
13. Aproveitamento e resultados académicos do alumnado que tivo MAD.				
14. Utilidade e suficiencia das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
15. Adecuación da planificación e organización expresada na programación.				
16. Adecuación dos mecanismos para implicar ás familias no seguimento do proceso educativo				
17. Atención de xeito individualizado ó alumnado e ás familias.				
18. Desenvolvemento de medidas necesarias para garantir o bó uso dos datos persoais e confidenciais do alumnado e familias, e custodiar os expedientes de orientación.				

En Ponteceso, a 14 de setembro de 2023

**A Xefe do Departamento de Orientación**

**Mariana Varela Bramwell**

**ANEXO I:**

**CONCRECIÓN do  
PLAN de ACCIÓN TUTORIAL  
PLAN de ATENCIÓN á DIVERSIDADE  
e PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA e PROFESIONAL**

**IES Eduardo Pondal**

**Curso 2023 / 2024**

## CONCRECIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

### Concepto de Tutoría

Entendemos a tutoría como a relación que se establece entre profesorado co alumnado encamiñada ao coñecemento do contexto socio-familiar, das actitudes, aptitudes, intereses e motivación, co obxectivo de orientar e guiar o seu proceso de aprendizaxe, á súa integración no grupo e contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado e a educación en valores.

Esta é unha tarefa de todo o profesorado, abarca tanto as actuacións que, con carácter máis específico, desenvolve o profesor titor co seu grupo e a comunicación coas familias; como a labor orientadora do resto do profesorado, que é aquela que cada profesor dentro da súa área leva a cabo para orientar, tutelar e apoiar o proceso de ensino- aprendizaxe de cada un dos seus alumnos e alumnas.

Aínda que a orientación e a tutoría do alumnado sexa unha tarefa compartida polo profesorado, a figura do profesor titor, como órgano de coordinación docente, é necesaria e imprescindible para a coordinación do equipo de profesores do grupo, no contacto coas familias, e no desenvolvemento dalgunhas funcións específicas. O departamento de orientación apoia ao profesorado e as tutorías ofrecéndolles apoio técnico e o asesoramento durante todo o proceso para desenvolver esta función. Para isto, teñen especial relevancia as reunións semanais das persoas que exercen a tutoría dos grupos, organizados por afinidade entre os niveis, coa xefe do departamento de orientación, e a mestra de Pedagogía Terapéutica nos niveis nos que te intervención.

Todo o profesorado debe contribuír á acción titorial:

- Tutelando o proceso de aprendizaxe de cada alumno/a na súa materia (secundaria) ou nas diferentes áreas se se trata das etapas de infantil e primaria .
- Incidindo de forma positiva no autoconcepto académico e na percepción da propia capacidade para superar a materia ou materias.

- Orientando ao alumnado no análise do propio proceso de aprendizaxe; axudándoo na autoavaliación dos factores que influíron positiva ou negativamente no proceso.
- Atendendo as necesidades educativas de cada alumno/a na súa materia.
- Aplicando as MAD que sexan necesarias en cada caso.
- Participando na orientación profesional do alumnado no referente ao ámbito profesional da súa especialidade.

### **Obxectivos Xerais**

- I. Promover o desenvolvemento integral do alumnado, atendendo as dimensións afectivo emocional, social, vocacional e persoal no referente ao desenvolvemento de valores e actitudes e competencias clave co obxectivo de que lles permita converterse en adultos maduros, responsables e solidarios.
- II. Facilitar a integración e a participación na vida do centro nos planos académico, persoal e social, e atendendo ao benestar e á convivencia positiva.
- III. Dar unha resposta educativa eficaz e individualizada a todo o alumnado do centro durante o seu proceso de ensino – aprendizaxe que permita ofrecer a mellor resposta educativa adaptada ás necesidades de cadaquén.

### **Obxectivos Específicos**

#### **Co Alumnado de 1º da E.S.O**

1. Realizar a avaliación inicial no DO no caso do alumnado con NEAE e nas distintas materias para coñecer o nivel curricular e de competencias.
2. Implementar cuestionarios iniciais aplicados polo titor/a.

3. Coordinar ao profesorado xunto coas titorías no seguimento do alumnado e da interacción nos grupos de cara a introducir as modificacións que se valorasen oportunas.
4. Realizar un proceso de avaliación e seguimento continuo durante todo o curso do alumnado con NEAE, as MAD e/ou problemas de convivencia ou rendemento académico.

### **Co Alumnado que proceda doutros centros**

1. Recibir ao alumnado e as familias (Equipo Directivo, Persoas titoras, Orientación, equipos de convivencia).
2. Avaliar o seu nivel de competencia curricular (Profesorado de materias e PT).
3. Consultar o expediente académico (Titor/a).
4. Informar e asesorar ao profesorado. (Orientadora)

### **Co Alumnado con NEE / NEAE**

(Ademais do previsto para calquera outro alumno/a)

1. Recoller datos para a avaliación inicial sobre o expediente do alumno/a, dificultades e necesidades educativas.
2. Asesorar sobre medidas de atención á diversidade, especificando as orientacións a nivel de centro, a nivel de aula, a nivel do alumno/a en particular e a nivel de Departamento de Orientación e que constituirían a resposta educativa para dito alumnado.

### **Co alumnado de incorporación tardía ó sistema educativo e/ou fillos de familias retornadas ou migrantes**

1. Recibir ao alumno e a familia (Dirección, Xefatura de Estudos).
2. Entrevistar ao alumno/a, se é o caso (Orientadora).
3. Avaliar o coñecemento das linguas galega e/ou castelá (PT / Profesorado).
4. Avaliar o nivel de competencia curricular (Profesorado de materia).
5. Avaliación psicopedagóxica (Orientadora).
6. Determinar as necesidades educativas do alumno/a.

7. Propor e planificar a resposta educativa máis axeitada, nun informe psicopedagóxico, se é o caso.
8. Favorecer a inserción sociocultural e previr o desarraigo.

## **CONTIDOS XERAIS DO PAT**

1. Presentación e coñecemento.
2. Elección delegado.
3. Normas de convivencia/grupo.
4. Planificación e hábito de estudo.
5. Técnicas básicas de estudo.
6. Prevención/sensibilización violencia de xénero.
7. Autoavaliación dos trimestres. Compromisos mellora.
8. Resolución positiva dos conflitos. Habilidades sociais. Intelixencia emocional.
9. Prevención/sensibilización acoso escolar.
10. Promoción da igualdade de xénero.
11. Uso correcto das redes sociais. Perigos internet.
12. Educación afectivo sexual.
13. Orientación académica: optativas, estudos posteriores. Inserción e promoción laboral.
14. Autoavaliación final do curso.

## **ACTIVIDADES DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL PREVISTAS PARA O CURSO 2023 / 2024**

### **PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA E A MELLORA DA SEGURIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS.**

Ao través deste Plan, está previsto levar a cabo no centro as seguintes intervencións có alumnado da ESO, Bacharelato e Ciclos:

1. Uso responsable e seguro das Novas tecnoloxías.
2. Prevención das adiccións, con e sen sustancias (Drogas, Alcohol, Xogo, Novas tecnoloxías).
3. Prevención do acoso escolar e de calquera forma de violencia.

4. Prevención de accidentes de Tráfico.
5. Orientación vocacional e profesional (xunto con outras forzas de seguridade)

As temáticas para cada grupo serán elixidas polas persoas titoras en función das características e necesidades detectadas.

## **PROGRAMA DE EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL**

Impartido por especialistas externos. Está dirixido ao alumnado de 1º a 4º de ESO, Bacharelato e Ciclos Básicos e Superiores. Os contidos do programa, que serán impartidos segundo o nivel/idade do alumnado, son:

1. Todo o que deberías saber sobre a adolescencia (todos). A túa Menstruación (alumnas). Desenvolvido con recursos do Programa educativo para a adolescencia de Evax/Tampax/Ausonia. 1º ESO.
2. Orientacións afectivo sexuais. Diversidade sexual.
3. Información sobre a sexualidade e as relacións afectivo sexuais, rompendo mitos e estereotipos e atendendo ás necesidades do alumnado.
4. Relacións afectivo-sexuais e liberdade. Presión do grupo. Prevención da violencia sexual. Consentimento.
5. Sexo seguro e Prevención de enfermidades de transmisión sexual.

Participarán diversas organizacións, como Quérote+, Colexio de Médicos e outras en función da oferta e dispoñibilidade.

Está prevista unha sesión para ás familias de alumnado da ESO.

## **PROGRAMA DE BENESTAR EMOCIONAL e CONVIVENCIA POSITIVA**

Traballárase ao través do grupo de Convivencia e dun contrato programa solicitado para o presente curso escolar. Require a colaboración entre DO, Grupo de Convivencia, titorías e varios departamentos.

## **PROGRAMA PARA A MELLORA DO RENDEMENTO ESCOLAR**

Ao través da titoría traballárase para mellorar a organización e planificación escolar e as estratexias e técnicas de traballo intelectual.

O centro participa no Programa PROA+, e a mestra de pedagogía terapéutica adscrita a este programa, xunto coa PT do centro, os profesores de

Reforzo (1º e 2º ESO), e outro profesorado con dispoñibilidade horaria, son recursos relevantes no desenvolvemento desta iniciativa.

### **ACTIVIDADES COAS FAMILIAS**

Con pais, nais e, no seu caso, outras figuras responsables do alumnado, priorizando segundo os intereses manifestados polas familias na enquisa inicial. As temáticas propostas na enquisa son:

- Xestión emocional
- Como poñer límites e fomentar a autonomía e a responsabilidade en adolescentes
- Disciplina positiva
- Bo uso das novas tecnoloxías
- Relaciones afectivo-sexuais e adolescencia
- Comunicación na familia
- Trastornos da alimentación
- ¿Como podo axudar para que meus fillos e fillas estuden?
- Drogas, alcohol, e outras condutas de risco
- Coñecer o sistema educativo para orientar os estudos dos meus fillos e fillas
- Que poden facer cando rematen a ESO/BAC/Ciclo...
- Outros temas ou actividades que queiras propor: .....

Estas actividades estarán condicionadas á confirmación da participación dun número suficiente de persoas inscritas.



## CONCRECIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### OBXECTIVOS

1. Organizar os recursos persoais para atender á diversidade de cara a conseguir un óptimo aproveitamento.
2. Avaliar o funcionamento das Medidas de Atención á Diversidade.
3. Realizar, xunto ás titorías, o seguimento do alumnado que presenta NEAE.
4. Asesorar sobre as medidas concretas a tomar no caso do alumnado que presenta NEAE e ten Reforzo Educativo por parte do profesorado.
5. Colaborar na elaboración, atención e seguimento e avaliación das Adaptacións Curriculares.
6. Diseñar programas preventivos e de intervención no ámbito da convivencia e da resolución pacífica dos conflitos e desenvolvemento de habilidades sociais.
7. Participar de xeito activo nos problemas de convivencia.
8. Coordinar a intervención dos diferentes profesionais docentes e non docentes que atenden ao alumnado con NEAE.
9. Programar actuacións de cara a fomentar o respecto e o valor positivo da diversidade.

### MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Enténdese por **medidas de atención á diversidade** aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en **ordinarias** e **extraordinarias** e estarán recollidas no **Plan Xeral de Atención á Diversidade** e nas concrecións anuais de dito plan.

En función das revisións mencionadas anteriormente, e tras a avaliación inicial, no mes de outubro tomaranse decisións do alumnado que require unha

medida de atención á diversidade, dando prioridade a aqueles que precisan da adopción de medidas máis urxentes. Para elo, terase en conta o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, e o previsto na Orde de 8 de setembro de 2021 que o desenvolve.

<p><b>Medidas ordinarias</b></p>	<p>Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.</p> <p>Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias as diferentes ensinanzas.</p> <p>Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense, en cor azul, aquelas previstas para este curso no centro:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.</li><li>b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.</li><li>c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, e outras que promovan a inclusión.</li><li>d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.</li><li>e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.</li><li>f) Desdobramentos de grupos.</li></ul>
----------------------------------	---

	<p>g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.</p> <p>h) Programas de enriquecemento curricular.</p> <p>i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.</p> <p>j) Programas de recuperación para o alumnado que promociona con materias pendentes.</p> <p>k) Programas específicos personalizados, particularmente para o alumnado que repite curso, ou que precisa desta medida por outras necesidades específicas.</p> <p>l) Programa de habilidades sociais.</p>
<p><b>Medidas extraordinarias</b></p>	<p>Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE/NEE) que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.</p> <p>Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.</p> <p>Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a <b>autorización</b> da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.</p> <p>Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen (en vermello, as previstas para este curso):</p> <p>a) <b>Adaptacións curriculares.</b></p>

	<ul style="list-style-type: none"><li>b) Agrupamentos flexibles.</li><li>c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou AL</li><li>d) Flexibilización da duración do período de escolarización.</li><li>e) Programa de Diversificación Curricular (3º ESO).</li><li>f) Atención educativa domiciliaria ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.</li><li>g) Grupos de adquisición das linguas.</li><li>h) Grupos de adaptación da competencia curricular.</li></ul>
--	--

### **Revisión dos Expedientes do Alumnado de nova incorporación ó centro.**

- A finais de curso, dáse o traspaso de información do alumnado de 6º de Educación Primaria dos CEIPs adscritos que promocionan a 1º da ESO no noso IES, facendo fincapé naquel alumnado que presenta NEAE.
- A principios de curso, xunto co profesorado de PT, revísanse os expedientes e a información proporcionada dos CEIPs do alumnado que se incorpora a 1º da ESO no noso centro, así como o de outro alumnado que se incorpora novo ó centro e presenta NEAE.
- A principios de curso, xunto co profesorado de PT, revísase a información do alumnado do centro, principalmente o NEAE e aquel que en cursos anteriores contaron con medidas de atención á diversidade.
- Na sesión de avaliación inicial, á vista dos resultados da mesma, consénsúanse e concrétanse medidas de atención á diversidade.

### **Participación nas Sesións de Avaliación**

- ✓ Asesorar no proceso de avaliación do alumnado con NEAE.

- ✓ Apoiar e asesorar aos titores/as no proceso de coordinación do proceso avaliador.
- ✓ Fomentar a autoavaliación do alumnado.
- ✓ Contribuír a un proceso de avaliación formativa que propicie a mellora continua.
- ✓ Participar nos procesos xerais de avaliación do proceso de ensino de cara a mellora continua da calidade.

**Elaboración de Adaptacións Curriculares e asesoramento na aplicación de Medidas de Atención á Diversidade.**

- ✓ Este curso adquire especial relevancia pola incorporación dun alumno con NEE e AC en practicamente todas as materias.
- ✓ Adaptación das AC ao novo formato da aplicación PROENS.

## **CONCRECIÓN do PLAN de ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL**

A importancia da orientación profesional ven recollida na lexislación vixente e nos plans da Consellería. Unha boa orientación académica e profesional, potenciar as habilidades e capacidades dos xoves e inculcar a conciencia da necesidade de formación ó longo da vida é apoiar a igualdade de oportunidades na educación.

O deseño e desenvolvemento do proxecto persoal contribúe ó desenvolvemento das competencias clave, destacando a autonomía persoal e o sentido da iniciativa, a través da capacidade de planificación e toma de decisións sobre o propio futuro. A complexidade do sistema educativo e a multiplicidade de opcións hacen necesaria unha orientación que facilite esa toma de decisións por parte do alumnado e as súas familias, a transición entre etapas e a inserción no mercado laboral chegado o seu momento. Contar cunhas metas que orienten os esforzos persoais pode dotar de significado o traballo académico e ser positivo para a motivación. Por todo isto, a orientación vocacional e profesional é un dereito do alumnado e das súas familias.

### **AXENTES E COORDINACIÓN DAS ACTUACIÓNS**

- Titores, equipos docentes e particularmente Profesorado de FOL, FOP e Economía, DO, institucións educativas e as relacionadas co mundo laboral, profesional e empresarial do contorno.
- Grupo de Traballo orientado á promoción do emprendemento e a empregabilidade.
- Responsables no centro da dinamización da relación con empresas e da formación en centros de traballo.

- Institucións educativas, de fomento do emprego, tecido empresarial da contorna e outras institucións colaboradoras.
- Familias.

### **OBXECTIVOS**

1. Fomentar no alumnado a reflexión orientada á toma de decisións e á definición de obxectivos, dentro do seu proxecto persoal, e expectativas de éxito respecto do seu futuro, dentro das características, capacidades e intereses individuais.
2. Desenvolver no alumnado competencias exploratorias de sistema educativo e do mercado laboral e facilitar ó profesorado ferramentas para o desenvolvemento da orientación académica e profesional dentro da súa práctica docente.
3. Descubrir e afianzar valores para o traballo e para a vida, libres de estereotipos e respectando a igualdade de oportunidades.
4. Facilitar ó alumnado a transición entre etapas educativas e ó mundo laboral, especialmente neste último caso do alumnado de ciclos de FP.
5. Informar ás familias sobre o sistema educativo e os procesos de transición ó mercado laboral, para apoiar as decisións sobre o futuro dos seus fillos, así como sobre os recursos dispoñibles.
6. Diseñar e desenvolver accións en colaboración co tecido empresarial do contorno, e con outras institucións educativas e profesionais, para a información e formación vocacional do alumnado.

### **ACCÍONS PRIORITARIAS**

1. Coordinación e planificación da participación do alumnado en probas e procesos de admisión.

2. Actualización dos recursos bibliográficos e informáticos para a orientación vocacional e profesional, especialmente os basados nas TIC e que permitan a autoorientación.
3. Elaboración e presentación da proposta de orientación con distribución de funcións para a recollida de aportacións e consenso entre os distintos axentes implicados.
4. Establecemento de canles de comunicación coas familias para facilitar o intercambio de información.
5. Deseño e participación directa en accións directas co alumnado.

#### **BLOQUES DE CONTIDOS**

- Proxecto persoal e profesional ó longo da vida
- Coñecemento do sistema educativo e opcións desde as distintas etapas.
- Acercamento á realidade laboral do contorno.
- Axudas, Becas e Recursos.
- Ferramentas de Autoorientación con TICS

#### **CONTIDOS ESPECÍFICOS E TEMPORALIZACIÓN:**

##### ***En 1º e 2º de ESO:***

- Coñecemento de si mesmos/as.
- Coñecemento da etapa, optativas e itinerarios.
- Elaboración do Consello Orientador do alumnado proposto para incorporación a Programas de Diversificación Curricular ou Ciclos Básicos.
- Desenvolvemento das habilidades de resolución de problemas e toma de Decisións.



**En 3º e 4º de ESO:**

- Coñecemento de si mesmos/as.
- Coñecemento de optativas e itinerarios de 4º de ESO / Bacharelato / Formación Profesional de Grao Medio / Ensinanzas de Réxime Especial.
- Asesoramento no proceso de toma de decisións.
- Elaboración do Consello Orientador.

**En Bacharelato:**

- Axuda na procura de información sobre os distintos estudos Universitarios, Ciclos de Formación Profesional de Grao Superior, Ensinanzas de Réxime Especial, así como de outros estudos non regrados.
- Asesoramento na toma de decisións sobre itinerarios formativos en bacharelato en función de obxectivos a medio e longo prazo.
- Propiciar contactos directos con profesionais, universidade, centros formación profesional.
- En colaboración con profesorado dos ciclos, coordinadores de FCT e das relacións con empresas, asesoramento na saída ó mercado laboral ou no emprendemento, de ser o caso.

**En Ciclos**

- Axuda na procura de información sobre continuación de estudos: Universitarias, Ciclos de continuidade e Cursos de Especialización, así como de outros estudos non regrados.
- Asesoramento na toma de decisións sobre itinerarios formativos e profesionais.
- Asesoramento na saída ó mercado laboral ou no emprendemento, de ser o caso.

## ACTUACIONES

- Charlas informativas a través das titorías acerca de itinerarios, modalidades...
- Administración de cuestionarios para facilitar a toma de decisións en 4º ESO, 1º e 2º Bacharelato.
- Consello orientador para alumnado da ESO nos cursos que proceda.
- Entrevistas individuais co alumnado e familias para o asesoramento de cara á elección de materias, modalidades, itinerarios,...
- Co alumnado de 3º e 4º da ESO, información e asesoramento de cara á elección da optatividade nos últimos cursos da ESO.
- Co alumnado de 4º da ESO información e asesoramento de cara aos itinerarios ou modalidades do Bacharelato, Ciclos de FP e Ensinanzas de Réxime Especial.
- Co alumnado de Bacharelato, información e asesoramento de cara á elección de Graos universitarios, Ciclos de FPGS e Ensinanzas de Réxime Especial.
- Visita á UDC, Programa A Ponte da USC. Visita a centros de FP da zona. Visitas a distintas institucións orientadas a favorecer a identificación vocacional.
- Co alumnado de ciclos, apoio ao alumnado para a inserción e progresión laboral e a formación ao longo da vida.
- Co alumnado dos ciclos, preferentemente, desenvolvemento das accións para o fomento do emprendemento e a empregabilidade previstas no Plan de Formación Permanente do Profesorado a desenvolver co apoio da Consellería e da Fundación Pondal.
- Participación en ferias de orientación e de emprego na contorna.

- Presentacións, charlas ou actividades similares con ex-alumnos do centro e profesionais de distintos campos, para compartir o seu coñecemento e experiencia,

## **ANEXO II**

### **PROGRAMACIÓN**

### **AULA DE PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA**

**IES Eduardo Pondal**

**Curso 2023 - 2024**

## PROGRAMACIÓN AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Curso 2023 – 2024

### PROFESORADO ESPECIALISTA

Rosa María García Suárez: 19 horas de docencia, 2 horas de Coordinación de Formación do Profesorado, 1 hora de Consello esEcolar e 1 hora de Atención a familias.

### METODOLOXÍA

A especialista en pedagogía terapéutica do IES Eduardo Pondal de Ponteceso atenderá ao maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo do centro.

Priorizarase a atención as materias instrumentais, e outras con alto contido teórico.

Ao principio de curso no departamento de orientación farase unha valoración do alumnado que precisa atención inmediata e a especialista confeccionará un horario que permita atender a estas necesidades. Unha vez realizada a avaliación inicial co equipo docente, determinaranse as necesidades de reforzo ou a elaboración de ACS, adpatando, na medida do posible, o horario da especialista para poder atender as novas necesidades.

O alumnado que se propoña para recibir reforzo fora da aula, e apoio por parte da PT, debe contar cun informe psicopedagógico previo que identifique as necesidades e xustifique a medida.

Fomentarase a atención dentro da aula. O seguinte nivel será a atención en pequeno grupo (máximo 5 alumnos/as), ou por último, a nivel individual nos casos en que se determine necesario.

En todo momento será considerada a atención a este tipo de alumnos/as como atención á diversidade que deberá ser asumida por todo o profesorado.

## **A nivel de centro**

De acordo có establecido no Plan de Atención á Diversidade, o conxunto da comunidade escolar, nos seus respectivos niveis de participación e competencias, colaborarán na detección de necesidades e no desenvolvemento da resposta educativa que se determine como máis axeitada ás necesidades de cada alumno ou alumna.

Unificaranse criterios respecto á atención dos alumnos con necesidades educativas especiais, e a asignación de recursos, espazos e tempos farase de acordo co establecido na normativa e no Plan de Atención a Diversidade. O carácter limitado dos recursos, tanto persoais como temporais e organizativos impón limitacións e esixe establecer prioridades na intervención.

Concienciarase ao alumnado de que todos e cada un deles son diferentes e presentan diversas características, necesidades e potencialidades.

Fomentarase a participación activa destes alumnos en actividades programadas, tanto complementarias como extraescolares ofrecendo dende o departamento, se é o caso, a participación dalgún dos membros na actividade.

## **HORARIO**

O horario establecerase segundo as necesidades detectadas no alumnado, tendo en conta os horarios dos grupos e os criterios de prioridade de atención por parte da especialista en PT.

Para a realización dos horarios do profesorado de PT co alumnado que van a atender fóra da aula ordinaria, procurase agrupar ao alumnado tendo en conta o seu nivel de coñecementos e o grupo-clase ao que pertencen. Así mesmo, atenderase principalmente a este alumnado nas áreas instrumentais e un dos criterios de prioridade atende á intervención precoz e preventiva das necesidades, dando prioridade así aos cursos máis baixos.

## **ALUMNADO**

O alumnado que precise acudir a aula de Pedagogía Terapéutica terá informe psicopedagóxico.

Atenderase sempre as orientacións expresadas no informe así como á opinión do especialista en Pedagogía Terapéutica, a opinión das titorías e do

profesorado de materia. Atendendo ao anterior determinarase o horario no que acudirá a aula de apoio o no que se realizará o apoio na aula.

### **A nivel de aula**

O profesorado especialista terá en conta en todo momento o respecto á individualidade deste alumnado e as medidas máis axeitadas para conseguir unha mellor adecuación do proceso ensinanza-aprendizaxe ás súas características.

Por este motivo, na aula a ensinanza será:

- 1) Individualizada, flexible e adaptada ao alumno.
- 2) Tarefas ben definidas, variadas e de curta duración.
- 3) Alternancia de actividades manipulativas e de esforzo mental.
- 4) Empregaranse tódolos recursos variados e motivadores dispoñibles.
- 5) Actividades concibidas desde o Deseño Universal de Aprendizaxe, para facilitar a participación e expresión de alumnado diverso.
- 6) Importancia da coordinación permanente coa persoa titora e o profesorado da materia.

### **OBXECTIVOS XERAIS DE AULA**

- Incentivar a autoestima do alumno e o desenvolvemento dun autoconcepto académico e expectativas de éxito positivas.
- Estimular o gusto polo traballo ben feito.
- Favorecer o uso de estratexias de organización do traballo escolar.
- Potenciar hábitos de traballo e de estudo.
- Adestrar no manexo de técnicas básicas de estudo.
- Estimular o desenvolvemento das competencias clave.
- Promover o respecto á diversidade das persoas.
- Favorecer a convivencia a través da integración, a participación e boa relación na aula ordinaria.
- Traballar cara o desenvolvemento das capacidades básicas para a aprendizaxe: atención, memoria e razoamento.
- Proporcionar asesoramento aos docentes.

- Facilitar o coñecemento na comunidade educativa das características e dificultades propias de cada unha das NEAE.

### **Obxectivos específicos da Área Lóxico-Matemática:**

1. Coñecer os números naturais, fraccionarios e decimais (dependendo do seu nivel) e asociar número e cantidade.
2. Desenvolver satisfactoriamente a capacidade lóxico-matemática.
3. Descubrir e crear relacións de asociación matemática.
4. Comprender e memorizar os mecanismos das operacións fundamentais.
5. Aplicar os coñecementos a situacións reais do entorno no que se desenvolven.
6. Resolver e inventar problemas da vida cotiá.
7. Clasificar formas e corpos xeométricos.
8. Coñecer e saber utilizar os conceptos espacio-temporais.
9. Coñecer as medidas de lonxitude, capacidade, masa e tempo. Realizar cambios de unidades.
10. Interpretar e realizar táboas e gráficos sinxelos.

### **Obxectivos específicos da Área Lingüística:**

1. Ler correctamente textos cada vez máis complexos.
2. Estimular o gusto pola lectura.
3. Crear situacións de comunicación directa.
4. Potenciar a comprensión e expresión oral e escrita.
5. Localizar as ideas principais dun texto.
6. Diferenciar e reproducir as partes dun relato.
7. Elaborar resúmenes e esquemas.
8. Compoñer distintos textos tanto a nivel escrito como oral.
9. Utilizar correctamente as principais normas ortográficas.
10. Diferenciar as principais clases de palabras.